

NOTA INFORMATIVA DA ALCALDIA SOBRE A FURGONETA RECLAMANDO FACTURA 2008

Estamos presenciando todos os veciños de Maceda nos últimos días unha furgoneta de unha coñecida empresa macedana que mostra un rótulo reclamando unha factura do ano 2008 e que según di o Concello non lle paga.

Quero informar a todos os veciños que a factura que reclama pretende cobrar uns servizos que non prestou o Concello e que no seu día levamos a pleno e por suposto os tres partidos que representan este Concello (Partido Popular, PSOE e BNG) exercendo a nosa responsabilidade en defensa dos intereses dos nosos veciños acordamos non pagar por non haberse ofrecido os servizos que a factura reflicta.

O empresario que agora reclama se ofreceu a prestar o Concello unha máquina picadora, a cal utilizamos unha semana e por abandono do empresario e tras insistirle varios Concelleiros e traballadores do Concello que pasara a recollela non o fixo, tendo a máquina case un ano estorbando no garaxe do Concello, agora pretende cobrar o aluguer da mesma de todos eses meses, algo que parece máis unha tomadura de pelo que outra cousa.

Quero por último informar que a citada factura se atopa no xulgado e será o xuíz finalmente quen lle de a razón o concello, pero encanto pretendo informar os veciños que non se vai a pagar nada que non se debe, xa nos costa bastante e debido a crise facer fronte a todos os gastos do Concello en Servizos, Inversións, etc, como para asumir pagos de caraduras que pretenden aproveitar o achegamento partidario cos que están no Concello para facer o seu Agosto.

Este equipo de goberno que eu presido ten a suficiente solvencia e responsabilidade como para velar polos intereses dos veciños e non malgastar os cartos en facturas por prestacións non realizadas, aínda que estas sexan de empresarios con carné do partido que goberna. **É un compromiso que temos con Macedal.**



Fco Xabier Oviedo Rodríguez
Alcalde de Maceda